



I ESCAPARATES DE MEDO

O Concello de Sada convoca a I edición do Escaparates de Medo, un concurso dirixido ao sector comercial, co fin de incentivar a decoración e a animación das rúas de Sada convidando á veciñanza a achegarse ata os establecementos.

I. PARTICIPANTES

- Poderán participar neste concurso todos os establecementos comerciais do municipio de Sada, calquera que sexa a a actividade (establecementos de hostalaría, comercio, perruquerías, etc) que desenvolvan e que teñan escaparate con vistas ao exterior desde á rúa.

II. PARTICIPACIÓN

- Prazo de inscrición, desde o 15 ao 23 de outubro.
- Os establecementos interesados en participar poderán inscribirse cumplimentando o ANEXO I e presentandoo en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 telemática ou presencialmente.
- A inscrición é gratuíta.

III. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

- Os escaparates deben estar finalizados o xoves 29 de outubro. A participación é por local, con independencia do número de escaparates dos que dispoña.
- Os responsables de cada local deberán enviar unha fotografía a turismo@sada.gal co seu escaparate unha vez decorado para a súa promoción en redes.
- O Samaín en Galiza ten unha significación propia. Por iso valorarase positivamente a inclusión de elementos decorativos vinculados á recuperación do Samaín orixinal como poden ser as castañas, caveiras, follas secas, chuveiras, magostos, luciñas, camposantos, Santa Compañía, cabazas, arañas, morcegos ou outros animais nocturnos.

IV. BENEFICIOS POR PARTICIPAR

- As empresas participantes contarán coa promoción gratuíta nos diferentes medios de comunicación utilizados para difundir o evento do Samaín así como nas redes sociais municipais.
- Fomentarase que a veciñanza tire e comparta fotos fronte aos escaparates decorados a través de premios por sorteo directo.
- O Concello suministrará cartelería, elementos decorativos e "rasca e ganas" con agasallos a entregar nos comercios.
- O evento contará con accións de animación de rúa en forma de pasarúas, decoración e ambientalización musical.

V. ESCOLLA LOCAL GAÑADOR

O primeiro premio xerá outorgado polo xurado formado por tres representantes do Concello. Na súa valoración terase en conta:

- Adecuación á temática do Samaín.
- Orixinalidade e innovación nos contidos e formatos.
- Aproveitamento de recursos propios.
- Repercusión nas Redes Sociais.

VI. PREMIOS

Primeiro premio: Diploma acreditativo, publicidade nas redes municipais e 100€ para material de escaparatismo.

Segundo premio: Diploma acreditativo e publicidade nas redes municipais.

Entre as personas que partillen e interactuen coas fotos no Facebook e Instagram co cancelo #SamainSada2020 sortearanse premios directos.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

A participación implica a aceptación destas bases, así como a resolución das mesmas. Todos os aspectos non recollidos nestas bases serán resoltos pola Organización.